


P[^]NTEAREAS



Concello de
PONTEAREAS

CMUS



Reveriano Soutullo

PROGRAMACIÓN DE SAXOFÓN

(Grao Elemental e Grao Profesional)

Contidos

1. INTRODUCCIÓN	4.
2. OBXECTIVOS DAS ENSIANZAS MUSICAIS	5.
· 2.1. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL	
· 2.2. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL	
3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	6.
· 3.1. DO GRAO ELEMENTAL	
· 3.2. DO GRAO PROFESIONAL	
4. METODOLOXÍA	8.
5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	9.
6. TEMAS TRANSVERSAIS	11.
· 6.1. EDUCACIÓN EN VALORES	
· 6.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's)	
7. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS	11.
8. SECUENCIACIÓN POR CURSOS	12.
· CURSO 1º G.E	
·9.1.1. OBXECTIVOS	
·9.1.2. CONTIDOS	
·9.1.3. AVALIACIÓN	
·9.1.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
·9.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· CURSO 2º G.E	
·9.2.1 OBXECTIVOS	
·9.2.2. CONTIDOS	
·9.2.3. AVALIACIÓN	
·9.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
·9.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· CURSO 3º GE	
·9.3.1. OBXECTIVOS	
·9.3.2. CONTIDOS	
·9.3.3 AVALIACIÓN	
·9.3.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
·9.3.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	
· CURSO 4º GE	
·9.4.1. OBXECTIVOS	
·9.4.2. CONTIDOS	
·9.4.3. AVALIACIÓN	
·9.4.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN	
·9.4.5. RECURSOS DIDÁCTICOS	

· **CURSO 1º GP**

- 9.5.1. OBXECTIVOS
- 9.5.2. CONTIDOS
- 9.5.3. AVALIACIÓN
- 9.5.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.5.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· **CURSO 2º GP**

- 9.6.1. OBXECTIVOS
- 9.6.2. CONTIDOS
- 9.6.3. AVALIACIÓN
- 9.6.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.6.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· **CURSO 3º GP**

- 9.7.1. OBXECTIVOS
- 9.7.2. CONTIDOS
- 9.7.3. AVALIACIÓN
- 9.7.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.7.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· **CURSO 4º GP**

- 9.8.1. OBXECTIVOS
- 9.8.2. CONTIDOS
- 9.8.3. AVALIACIÓN
- 9.8.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.8.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· **CURSO 5º GP**

- 9.9.1. OBXECTIVOS
- 9.9.2. CONTIDOS
- 9.9.3. AVALIACIÓN
- 9.9.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.9.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· **CURSO 6º GP**

- 9.10.1. OBXECTIVOS
- 9.10.2. CONTIDOS
- 9.10.3. AVALIACIÓN
- 9.10.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN
- 9.10.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

1. INTRODUCCIÓN.

A presente programación está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo vixente para a materia de saxofón dentro do Grao Elemental e Profesional. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade. Tamén se inclúencertos apartado que, se considera teñen unha importancia vital para que o docente coñezaósseus alumnos e, desde xeito, poida encauzar máis eficazmente, a acción educativa: características do alumnado, relación cos estudos xerais, relación interdisciplinares, competencias, etc.

No que se refire aos elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuencia de contidos para os 10 anos, nos que se imparte a materia. Tanto os obxectivos como os criterios non se secuencian e, simplemente, respectan os presentes no currículo, xa que son suficientemente concretos. Os criterios de avaliación están formulados segundo os obxectivos asumindo os do currículo. A temporalización trimestral dos contidos non presente presentar unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de contidos e enfoques útiles para a formación do alumnado. É, simplemente, unha proposta con diferentes posibilidades á disposición do docente, aberta, variable e flexible.

FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar ao alumna dounha formación artística de calidade. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

2. OBXECTIVOS DAS ENSINANZAS.

INTRODUCCION

OS CATRO CURSOS DOS QUE CONSTAN AS ENSINANZAS DO GRAO ELEMENTAL FORMAN PARTE DUN PERÍODO IMPORTANTÍSIMO PARA A EVOLUCION E DESEÑO DO FUTURO MÚSICO, NESTE PERÍODO QUEDARÁN ASENTADAS AS BASES DUNHA TÉCNICA O MÁIS CORRECTA E EFICAZ POSIBLE ASÍ COMO UN ASENTAMENTO E MADURACIÓN DOS CONCEPTOS ESTABLECIDOS.

PEDAGOGICAMENTE UNHA CONCEPCIÓN MODERNA FOMENTARÁ A VOCACIÓN NO ALUMNADO PARA CHEGAR CON ÉXITO E ESTIMULACIÓN POSITIVA A UNHA VOCACIÓN MUSICAL QUE NON ESTÁ DEFINIDA TODAVÍA DE XEITO O MAIS ESTIMULANTE E ATRACTIVO POSIBLE PARA QUE POUCO A POUCO SE SINTA O MAIS ESTIMULADO E MOTIVADO QUE SEXA POSIBLE.

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL.

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuído a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- Superar os contidos e obxectivos plantexados nas asignaturas que compoñen o currículo da especialidade.
- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión culturdos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da intepretación.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especailidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse armónicamente ao conxunto.
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e o galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL.

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.

Programación de Saxofón

- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar una imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en publico con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

3.1 GRAO ELEMENTAL

O ensino de instrumentos de vento madeira no grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha postura corporal que permita respirar con naturalidade e que favorezca a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as mans.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son
- Obter unha boa embocadura, unha boa adaptación da boca no seu conxunto para acoplarse da forma máis natural a boquilla

- Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son
- Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento e sabelas empregar, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os matices para lle dar cor e expresión á interpretación musical.
- Coñecer a montaxe e a fabricación das lingüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento (instrumentos de lingüeta dobre).
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel.

3.2 GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas do Saxofón nos estudos profesionais de música teran como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- .Fortalecemento dos músculos faciais para unha correcta envocadura.
- Práctica da respiración para unha evolución constante na capacidade pulmonar.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Interpretar un repertorio que inclua obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo etc.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria
- Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.
- Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos contidos.

4. METODOLOXÍA.

A metodoloxía do ensino musical require de un tratamento especial segundo o tema que se aborde en cada momento, o perfil psicolóxico de cada alumno e as súas características específicas.

METODOLOXÍA ORIENTATIVA:

- Ensino do instrumento é individualizada no seu maior parte, aínda que pode incluír clases colectivas.
- Estilo de ensino é recíproco, é dicir que o profesor dá coñecementos ao alumno, pero este tamén investiga e pregunta achega das súas inquietudes, sacando as súas propias conclusións.
- Os medios que podemos utilizar nas clases de saxofón poden ser auditivos (discos, grabacions), escritos (partituras, textos), audiovisuales (videos, retroproyectors, fotografías) e materiais (tubos, pelotas, aparellos de respiración, etc...)

Os **PRINCIPIOS METODOLOXICOS** que rixen a elaboración desta programación didáctica dotandoa de coherencia e sentido son:

- **Actividade:** o carácter instrumental da especialidade de saxofón require da practica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** cada alumno/a será orientado nas súas clases individuais así como nos ensaios colectivos, ensinándolle a traballar de forma independente e a tomar decisión por si mesmo.
- **Creatividade:** ó tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos tratará de estimular o pensamento e a imaxinación, buscando conseguir cos alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** a nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se teña enconta a dimensión persoal e efectivo social de cada alumno ou alumna.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións ou pequenos cambios que fosen precisos na temporalización dos contidos.
- **Convivencia:** cando as actividades requiran duntraballo en equipo fomentarse en todo momento o mellor clima de cordialidade e respecto entre o alumnado.
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, terá aplicación reais.
- **Interdisciplinaria:** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que curso o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

Os **MÉTODOS DIDÁCTICOS** a decidir para esta programación didáctica tiveronse en conta os seguintes enfoques:

- Modelo Constructivista: tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade e práctica.
- Aprendizaxe significativa: este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizárase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación. Para que isto se produza, debemos ter en conta ao longo de toda actividade:
- Que o alumnado teña unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido, é dicir ten unha finalidade, así como fomentando o bo clima da clase, a autoconfianza, etc
- Que o que se ensine presente unha estrutura lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de forma globalizadora.
- Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica
- Que sexan conscientes da importancia do estudo individual, fomentando o interese e o respecto polo hábito de estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente.

5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

ALUMNADO EXTRANXEIRO

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por cooidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

SUPERDOTACIÓN INTELECTUAL

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelctualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelctualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelctual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xuntoás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECIAIS

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelctual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomariáanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelctual.

6. TEMAS TRANSVERSAIS.

6.1 EDUCACIÓN EN VALORES.

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e dos seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

6.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC's).

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

7. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS.

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

8. SECUENCIACIÓN DO CURSO.

CURSO 1º G.E.

8.1.1. OBXECTIVOS.

- Adoptar unha posición corporal estable e relaxada que permita respirar con naturalidade favorecendo a correcta colocación entre ambas mans e a produción do son.

Programación de Saxofón

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son
- Coñecer e practicar os sons/dixitacións do Saxofón no registro medio .
 - Demostrar una retención e maduración dos coñecementos adquiridos na clase.
 - Memorización de pequenos fragmentos musicais dentro das limitacións lóxicas de este primeiro curso.
 - Coñecemento rítmico, dinámicas e articulación que se atopan nos textos musicais propostos para o curso.
 - Coñecer o Saxofón como instrumento musical: partes que a compoñen, numeración/nome das chaves, mantemento e hixiene.

8.1.2. CONTIDOS.

- Coñecemento do instrumento, as súas partes, montaxe e desmontaxe.
 - . A posición corporal (de pe)
- Realización de exercicios de embocadura e emisión (primeiro somentes con boquilla e tudel).
 - Exercicios de técnica respiratoria con e sen instrumento buscando a relaxación corporal e una mellora constante da capacidade respiratoria.
 - Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
 - Adestramento progresivo e permanente da memoria.
 - Interpretación de obras acordes ao nivel do alumno/a.

8.1.3 AVALIACIÓN.

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Utilizaranse por tanto procedementos e ferramentas de distinta índole que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias dis-porán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Mostrar unha posición corporal adecuada e un control sobre a respiración que permita o alumno/a tocar con naturalidade.

Programación de Saxofón

· Comezar pouco a pouco e con naturalidade a memorizar textos musicais sinxelos empregando a medida, articulación e fraseo adecuados.

· Interpretar en público obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras traballadas, logrando pouco a pouco un equilibrio persoal que lle permita enfrentarse con naturalidade ante o público.

SECUENCIACIÓN TRIMESTRAL

MINIMOS ESIXIBLES

PRIMEIRO TRIMESTRE:

- Montaxe-desmontaxe do instrumento (boquilla, cana e abrazadeira)
- Posición do corpo.
- Posicionamento das mans no instrumento.
- Embocadura - emisión.
- Exercicios de respiración.
- Traballo ata páxina 7 do método de Peter Wastall.

SEGUNDO TRIMESTRE:

- Páxinas 8 a 15 do método de Peter Wastall.
- 21 Mini-duetos: Dous Dúos.
- Tonalidades: DoM, SoIM, y FaM.

TERCEIRO TRIMESTRE:

- Páxinas 15 a 24 do método de Peter Wastall.
- Tonalidades: Lam, Mim e Rem .

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

· Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanas no aula, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.

· Observación do grao de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

· Observación do seu rendemento, como se comporta e interacciona en grupo e nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.

· Exposición do traballo realizado mediante a realización de audicións públicas durante o curso.

Programación de Saxofón

- O mestre contará con un caderno de aula donde recollerá a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento do alumno.
- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).
- A audición (poderase utilizar medios como gravacións de audio-vídeo como complemento)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (45% da cualificación).
- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica (25% da cualificación).
- Interpretar unha obra nunha audición pública (25% da cualificación).
- Realizar lectura a primeira vista no aula e/ou nunha proba específica (5% da cualificación):

Porcentaxe A.- Traballo diario no aula (actitude, traballo e asistencia). Diario de aula 45%

Porcentaxe B.- Proba técnica: Escalas e/ou estudos Diario de aula Ficha da proba 25%

Porcentaxe C.- Audición pública Diario de aula 25%

Porcentaxe D.- Lectura a primeira vista Diario de aula 5%

Cando os apartados B ou C non se leven a cabo por causa xustificada (necesario aportar xustificante por escrito), a cualificación final cambiará de proporcións, e o seu 45% traballo diario na aula verá aumentada a súa porcentaxe no resultado de sumar a cantidade do apartado no que o alumno/a non asistiu.

PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de todas as materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Isto realizarase mediante unha proba na clase de instrumento, a cal constará dunha demostración de ter acadados os mínimos esixibles do curso ao que se quere avanzar.

Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. A proba será calificada polo titor/a do alumno/a e, en caso de ser positiva, remitirase á xefatura de estudos un informe coa cualificación numérica xeral do curso xunto cos informes dos profesores/as do resto das materias do curso en cuestión (os cales poderán facer tamén ao alumno/a as probas que consideren necesarias), dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso. Todos estes informes, enviaranse ao Consello Escolar o cal determinará se a ampliación é positiva. No caso de facerse efectiva a ampliación, o alumno/a incorporárase ao novo curso despois do primeiro trimestre, e as cualificacións obtidas nestas probas extraordinarias serán as que figuren na cualificación final do curso en Xuño.

8.1.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.

· Ante un alumno/a que supere o número máximo de faltas permitidas polo centro para cada trimestre ou curso, e perda con isto o dereito á avaliación continua, o departamento de vento madeira elabora unha serie de directrices a seguir para a súa avaliación:

· O alumno/a deberá realizar unha proba, que terá lugar entre dez días e unha semana antes da sesión de avaliación correspondente.

· Esta proba será realizada polo titor/a do alumno/a e, no caso que o considere oportuno, ante unha comisión avaliadora formada por membros do departamento de vento madeira elixidos polo xefe/a de departamento.

· O alumno/a deberá acudir á proba có total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, ou ben co material que lle indicou o seu titor/a.

· O titor/a ou a comisión avaliadora decidirá no momento da proba que obras, estudos e/ou exercicios interpretará o alumno/a.

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS.

Contido da proba:

- Escala cromática (en relación aos contidos do curso).
- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).
- O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

Criterio de cualificación

- Porcentaxe: Obras 50%. Estudos 30%. Escalas 20%.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN.

AQUELES ALUMNOS QUE POR AS RAZÓN QUE SEXA TEÑEN PENDENTE A ASIGNATURA DE SAXOFÓN PROMOCIONAN DE CURSO CON SAXOFÓN PENDENTE POLO QUE SE TERÁ EN CONTA ÉSTA PECULIARIDADE. ATA QUE NON REMATE TODOS OS CONTIDOS E CONSIGA OS OBXECTIVOS DO CURSO QUE NON SUPERA SEGUIRA COS MESMOS DENTE DONDE OS DEIXOU ORIXINALMENTE OU BEN SEGÚN O TRABALLO FEITO NO VERÁN SEGÚN O CRITERIO DO MESTRE E O QUE CONSIDERE OPORTUNO SEMPRE PENSANDO NO BEN DO ALUMNADO.

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para a convocatoria de setembro serán os mesmos que aparecen desenvolvidos na programación deste curso.

- Escala cromática (en relación aos contidos do curso).
- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).

Programación de Saxofón

· O resultado do proceso de cualificación da proba exprésarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5.

Criterio de cualificación:

· Porcentaxe: Obras 50%. Estudos 30%. Escalas 20%.

8.1.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

· Aprende tocando el saxofón. Peter Wastall (Ed. mundimúsica ediciones)

· **OBRAS:**

· Bozza E. Rêves de enfant. (Ed Leduc)

· Thiriet M. Adagio (Ed Leduc)

· Dubois, P.M... Deux mini romances (Ed Billaudot)

· Bouvard, J. 21 mini duetti

CURSO 2º GE.

8.2.1. OBXECTIVOS.

· Adoptar unha posición corporal estable e relaxada que permita respirar con naturalidade favorecendo a correcta colocación entre ambas mans e a produción do son.

· Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

· Coñecer e practicar os sons/dixitacións do Saxofón dende o rexistro grave ata o rexistro agudo.

· Dominar as escalas e arpexios maiores, menores ata tres alteracións.

· Demostrar una retención e maduración dos coñecementos adquiridos no aula.

· Memorización de pequenos fragmentos musicais dentro das limitacións lóxicas de este primeiro curso.

· Coñecemento rítmico, dinámicas e articulación que se atopan nos textos musicais propostos para o curso.

· Coñecer o Saxofón como instrumento musical: partes que a compoñen, numeración/nome das chaves, mantemento e hixiene.

8.2.2. CONTIDOS.

· Coñecemento do instrumento, as súas partes, montaxe e desmontaxe.

· Realización de exercicios de embocadura e emisión (primeiro somentes con boquilla e tudel e logo co instrumento completo).

· Exercicios de técnica respiratoria con e sen instrumento buscando a relaxación corporal e una mellora constante da capacidade respiratoria.

· Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

- Adestramento progresivo e permanente da memoria.
- Práctica de escalas e arpexios maiores e menores ata tres alteracións.
- Práctica da escala cromática con diferentes articulacións (legato e picado).
- Interpretación de obras acordes ao nivel do alumno/a.
- Interpretación de estudos acordes ao nivel do alumno/a.

8.2.3. AVALIACIÓN.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- DEMOSTRAR UNHA CORRECTA E PROGRESIVA ASIMILACIÓN DA TÉCNICA RESPIRATORIA E DA EMBOCADURA. Este criterio é determinante para o posterior desenvolvemento instrumental do alumno.
- MOSTRAR NOS ESTUDIOS E OBRAS A CAPACIDADE DE APRENDIZAXE PROGRESIVO INDIVIDUAL (dedicación, esforzo, interese,...), así como aplicar o estudo das indicacións profesor, e con elas, demostrar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.
- MEMORIZAR TEXTOS MUSICAIS ACORDES CO NIVEL NO QUE SE ENCONTRA. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.
- ACTUAR COMO MEMBRO DUN GRUPO E MANIFESTAR CAPACIDADE DE TOCAR O MESMO TEMPO QUE ESCOITA E ADAPTA Ó RESTO DO GRUPO. Este criterio presta atención a capacidade do alumno para adaptarse ó traballo en grupo.

MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Ter conciencia dunha correcta posición e da súa aplicación á técnica instrumental.
- Controlar a respiración e a súa aplicación á técnica instrumental.
- Controlar os músculos que conforman a embocadura, posibilitando unha correcta emisión, articulación, calidade e flexibilidade do son en relación coas diversas dinámicas e alturas.
- Emitir un son de calidade e estable, no rexistro traballado no curso.
- Tocar as escalas e arpexios maiores e menores de ata tres alteracións con diferentes articulacións.
- Interpretar correctamente 10 estudos propostos polo profesor nos recursos didácticos .
- Interpretar tres pezas ao longo do curso, se pode ser con acompañamento pianístico, que se desenvolverán nas respectivas audicións trimestrais.

SECUENCIACIÓN TRIMESTRAL E MÍNIMOS ESIXIDOS

1 TRIMESTRE

:Tonalidades de SolM, FaM, mim e rem e arpegiados e de memoria pulso 58 en corcheas

5 estudos de H.Prati.5

Unha obra da programación do curso

2 TRIMESTRE

Tonalidades de ReM, Sibm e solm con arpegiados e de memoria e pulso estable de 60 en corcheas

5 estudos de H.Prati.5

Unha das obras da programación

3 TRIMESTRE

Tonalidades de LaM, MibM, Fam e dom con arpegiados e de memoria Pulso de 60 en Corcheas.

6 estudos de H.Prati.

Unha das obras da programación.

PROCEDIMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN.

- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de tres audicións públicas ao longo do curso.
- O mestre contará con un caderno de aula onde recollerá a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento do alumno.
- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba)
- A audición (poderase utilizar medios como gravacións de audio-vídeo como complemento)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (45% da cualificación).

Programación de Saxofón

- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica (25% da cualificación).
- Interpretar unha obra nunha audición pública (25% da cualificación).
- Realizar lectura a primeira vista no aula e/ou nunha proba específica (5% da cualificación):
- Porcentaxe A.- Traballo diario no aula (actitude, traballo e asistencia). Diario de aula 45%
- Porcentaxe B.- Proba técnica: Escalas e/ou estudos Diario de aula Ficha da proba 25%
- Porcentaxe C.- Audición pública Diario de aula 25%
- Porcentaxe D.- Lectura a primeira vista Diario de aula 5%

Cando os apartados B ou C non se leven a cabo por causa xustificada (necesario aportar xustificante por escrito), a cualificación final cambiará de proporcións, e o seu 45% traballo diario na aula verá aumentada a súa porcentaxe no resultado de sumar a cantidade do apartado no que o alumno/a non asistiu.

O resultado do proceso de cualificación de cada avaliación exprésase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, de valor informativo nos dous primeiros trimestres, dado que o proceso de avaliación é continuo, e de carácter final no terceiro.

CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de todas as materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula. Isto realizarase mediante unha proba na clase de instrumento, a cal constará dunha demostración de ter acadados os mínimos esixibles do curso ao que se quere avanzar.

Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. A proba será calificada polo titor/a do alumno/a e, en caso de ser positiva, remitirase á xefatura de estudos un informe coa cualificación numérica xeral do curso xunto cos informes dos profesores/as do resto das materias do curso en cuestión (os cales poderán facer tamén ao alumno/a as probas que consideren necesarias), dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso. Todos estes informes, enviaranse ao Consello Escolar o cal determinará se a ampliación é positiva. No caso de facerse efectiva a ampliación, o alumno/a incorporárase ao novo curso despois do primeiro trimestre, e as cualificacións obtidas nestas probas extraordinarias serán as que figuren na cualificación final do curso en Xuño.

8.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Ante un alumno/a que supere o número máximo de faltas permitidas polo centro para cada trimestre ou curso, e perda con isto o dereito á avaliación continua, o departamento de vento elabora unha serie de directrices a seguir para a súa avaliación:

- O alumno/a deberá realizar unha proba, que terá lugar entre dez días e unha semana antes da sesión de avaliación correspondente.

Programación de Saxofón

- Esta proba será realizada polo titor/a do alumno/a e, no caso que o considere oportuno, ante unha comisión avaliadora formada por membros do departamento de vento madeira elixidos polo xefe/a de departamento.
- O alumno/a deberá acudir á proba có total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, ou ben co material que lle indicou o seu titor/a.
- O titor/a ou a comisión avaliadora decidirá no momento da proba que obras, estudos e/ou exercicios interpretará o alumno/a.

PROCEDIMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS.

Contido da proba:

- Escala cromática (en relación aos contidos do curso).
- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).
- O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5. Criterio de cualificación:
 - Porcentaxe: · Obras 50%. Estudos 30%. Escalas 20%.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación para a convocatoria serán os mesmos que aparecen desenvolvidos na programación deste curso.

- Escala cromática (en relación aos contidos do curso).
- Escala de tonalidade (en relación aos contidos do curso).
- Dous estudos (de entre os programados no curso e a elección do titor ou tribunal).
- Dúas obras (unha a elección do alumno/a).
- O resultado do proceso de cualificación da proba expresarase con cualificacións numéricas, en escala do 1 o 10, considerándose positiva a cualificación igual ou superior a 5. Criterio de cualificación:
 - Porcentaxe:

Obras 50%. Estudos 30%. Escalas 20%.

8.2.5. RECURSOS DIDÁCTICOS

- 29 Estudios fáciles y Progresivos ... H. Prati Billaudot.
- Técnica de base vol.I M. Miján.....R.Musical.
- Chanson a Berce E. Bozza.
- Prelude Et Rengaine Pierre M. Dubois.

- Kansax-City J. Naulais Billaudot.
- Cinco Piezas Faciles J. Absil (Mib - Si b) Lemoin.

CURSO 3º GE.

8.1 O BXECTIVOS.

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación entre ambas mans e a produción do son.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que se posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer e practicar os sons/dixitacións do Saxofón dende o grave ata o agudo.
- Dominar as escalas e arpexios maiores, menores ata tres alteracións.
- Comezar o estudo de escalas de intervalos de terceiras.
- Reter e madurar os coñecementos adquiridos nas clases individuais.
- Memorizar pequenos fragmentos musicais e as escalas programadas no curso.
- Interpretar un repertorio variado acorde co nivel do curso e do alumno.

8.2 CONTIDOS.

- Realización de exercicios de técnica respiratoria con e sen instrumento, buscando prioritariamente a relaxación e o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Consolidación da base técnica adquirida.
- Mellora da base sonora.
- Adestramento progresivo e permanente da memoria.
- Práctica de escalas e arpexios maiores e menores ata tres alteracións e da escala cromática con diferentes articulacións (ligado e picado).
- Interpretación de 5 estudos e exercicios técnicos por trimestre.
- Interpretación de obras acordes ao nivel do alumno/a.

8.3 AVALIACIÓN.

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar. A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina

Programación de Saxofón

artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a accesibilidade, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sin limitarse únicamente á calificación trimestral ou final.

8.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar un control básico de todos os aspectos técnicos traballados, especialmente á hora de executar as escalas.
- Interpretar de memoria polo menos unha obra do curso, mostrando un control permanente da base sonora nas súas variadas facetas técnicas e, sobre todo, na demostración das habilidades técnicas enfocadas cara a unha interpretación musical correcta.
- Demostrar a capacidade do alumno/a para proxectar e ter conciencia constante do resultado sonoro da súa interpretación.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese...).
- Mostrar unha posición corporal adecuada e un control sobre a respiración que lle permita tocar con naturalidade.
- Interpretar en público obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, ademais de lograr un equilibrio persoal que lle permita enfrentarse con naturalidad ante o público.

8.3.2 MÍNIMOS ESIXIBLES

- Ter conciencia dunha correcta posición e da súa aplicación á técnica instrumental.
- Controlar a respiración e a súa aplicación á técnica instrumental.
- Controlar os músculos que conforman a embocadura, posibilitando unha correcta emisión, articulación, calidade e flexibilidade do son en relación coas diversas dinámicas e alturas.
- Emitir un son estable e de calidade, dentro do rexistro traballado no curso.
- Tocar as escalas e arpexios maiores e menores de ata catro alteracións con diferentes articulacións, con intervalos de terceiras e de memoria .
- Estudo e interpretación correcta de 5 estudos dos propostos nesta programación.
- Interpretar tres obras ao longo do curso, se pode ser con acompañamento pianístico (almenos unha) que se desenvolverán nas respectivas audicións trimestrais.

Procedementos:

- Realización de reunións coas nais/pais ou titores do alumnado.
- Observación individual da aprendizaxe mostrada nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.

- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.
- Exposición do traballo realizado mediante a realización de 3 audicións públicas ao longo do curso.

MINIMOS ESIXIBLES

1 TRIMESTRE

Escuchar leer y tocar das unidades 1 ata a unidade 8. H.Prati 4 estudos. Tonalidades ata unha alteración con arpexios en tresillos e semicorcheas de memoria.

2 TRIMESTRE

Escuchar leer y tocar da unidade 9 ata a unidade 14. H.Prati 4 estudos. Tonalidades ata dúas alteración com arpexios en tresillos e semicorcheas de memoria en todo o rexistro.

3 TRIMESTRE

Escuchar leer y tocar da unidade 15 ata a unidade 20. H.Prati 4 estudos. Tonalidades ata 3 alteracións com arpexios em tresillos e semicorcheas de memoria en todo o rexistro.

Ferramentas:

- Caderno de aula (onde queda recollida a información e valoración do traballo diario, a actitude e o comportamento).
- A proba técnica (reflexada no caderno de aula e/ou ficha da proba).
- A audición (poderase utilizar gravacións de audio ou vídeo como complemento)

SECUENCIACIÓN TRIMESTRAL MÍNIMOS ESIXIDOS

1 Trimestre: Escuchar leer y tocar das unidades 1 ata 8. H.Prati 4 estudos.unha obra ou dúo incluída na programación

2 Trimestre: Escuchar leer y tocar das unidades 9 ata 13. H.Prati 4 estudos.unha obra ou dúo incluída na programación

3 Trimestre: Escuchar leer y tocar das unidades 14 ata 20. H.Prati 4 estudos.unha obra ou dúo incluída na programación

8.3.4 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Mostrar unha capacidade de aprendizaxe progresiva individual a través do traballo diario (45% da cualificación).
- Executar exercicios técnicos, estudos e/ou escalas nunha proba técnica (25% da cualificación).
- Interpretar unha obra nunha audición pública (25% da cualificación).

- Realizar lectura a primeira vista no aula e/ou nunha proba específica (5% da cualificación):
 - Porcentaxe A.- Traballo diario no aula (actitude, traballo e asistencia). Diario de aula 45%
